

Documento técnico

1. - Requisitos:

Para a execución desta Unidade Didáctica unicamente é necesario un ordenador cun navegador web que cumpra os últimos estándares como mozilla firefox, chrome, chromium, opera ou safari, con javascript activado. O sistema operativo é indiferente e a resolución mínima da pantalla debe de ser 1024 x 768 píxeles.

A conexión a Internet unicamente é necesaria se queremos visitar os enlaces propostos nalgún apartado así como as actividades colectivas, o resto da Unidade é totalmente operativa aínda que non exista esa conexión.

IMPORTANTE: Os cambios realizados nas últimas versións dos dous principais navegadores (Firefox e Chrome) á hora de executar arquivos "en local" (**se a unidade se coloca baixo un servidor web funcionará sen ningún requisito máis**) fai que determinados contidos desta unidade poidan non ser ollados correctamente como as actividades interactivas. Para a súa correcta visión "en local" tan só debemos de facer isto:

Navegador Firefox e derivados: Escriba na barra de direccións "**about:config**" e pulse enter, tras "aceptar o risco" (só imos modificar un parámetro que posteriormente podemos volver ao seu valor inicial) na parte superior, en "buscar" escribimos "strict_"; entre os valores que aparecen agora seleccione: "**security.fileuri.strict_orign_policy**", faga dobre clic sobre el para cambiar o seu valor a "**false**". Dende ese momento xa poderá ver as máis de 200 actividades da unidade.

Navegador Chromiun e derivados: execute o navegador cos parámetros "**--allow-file-access-from-files**". Para isto o máis cómodo é crear un acceso directo ao navegador e logo editar as propiedades do acceso directo engadindo os citados parámetros ao xa contido no campo "Destino".

Para máis información ao respecto consulte:

http://webardora.net/Manuales/ArdoraTitoriais_Ou_importante_gal.pdf

2. - Instalación e posta en marcha:

Pode optar por varias formas en función de se desexa que a unidade rexistre ou non o traballo feito polo alumnado.

A.- SEN REXISTRO DO TRABALLO FEITO POLO ALUMNADO temos estas tres opcións.

2.1. - Local: Con tan só copiar a carpeta na que se atopan todos os ficheiros da Unidade a un lugar do seu ordenador, se a Unidade a obtivo nun ficheiro zip, evidentemente debe de descomprimir todo o seu contido. Nesa carpeta atopará un ficheiro chamado "index.htm ", faga dobre-clic nel e o navegador do seu ordenador debería de abrirse coa Unidade. **Teña presente o comentado no anterior apartado en "Importante"**, desta forma pode acceder a todo o contido e actividades, unicamente os traballos en liña (traballo colectivo) non estarían dispoñibles

Aínda que é totalmente operativa, **esta forma non é a máis recomendada** para o traballo nunha aula xa que tería que copiar esta carpeta en cada un das computadoras que utilice o alumnado.

2.2. - Servidor web: En calquera das súas posibilidades, dentro dunha intranet (servidor de contidos do centro) así como en internet, o proceso é moi simple, deberá de copiar ou subir por FTP a carpeta da Unidade ao servidor unha vez alí estaría lista para ser accedida dende calquera ordenador conectado á rede, con tan só escribir na dirección algo como "http://www.oseuservidor.com/nomeUnidade" onde "nomeUnidad" é o nome da carpeta que subiu ao servidor.

2.3. - Aula virtual: Se dispón de conta nunha aula virtual tipo Moodle pode subir, nun arquivo zip, todo o contido da carpeta desta unidade e indicarlle a Moodle que vai a subir un "arquivo". Unha vez subido o arquivo zip, so terá que descomprimilo dentro da aula e indicar que o arquivo index.htm é o "arquivo principal".

B.- CON REXISTRO DO TRABALLO FEITO POLO ALUMNADO temos outras tres opcións, **calquera delas son a mellor opción** para sacar o máximo proveito desta unidade.

Dado que toda a unidade foi creada con Ardora tamén pode aproveitar para que a propia unidade faga un seguimento exhaustivo de todo o traballo feito por cada unha das alumnas e alumnos. No contido da unidade existe un arquivo (de extensión **ard**) que pode abrir con Ardora.

2.4. - Servidor web: Debe de crear con Ardora un control de usuarios e engadilo ao espazo web que contén esta unidade no programa. Unha vez engadido so deberá de publicar a unidade e Ardora creará unha carpeta, esa carpeta é que deberá de subir ao seu servidor. Agora verá que ao acceder ás actividades a unidade pedirá un usuario e contrasinal, deste xeito, cada un dos seus alumnos e alumnas pode ver o traballo que leva feito na unidade e o docente pode ver un informe detallado de todo o seu alumnado.

2.5. - Escritorio virtual: Se xa emprega un escritorio virtual (desktop) creado con Ardora, a unidade pode formar parte dos contidos do propio escritorio, neste caso con que, como usuarios, poña un coordinador ou coordinadora, un docente e un alumno ou alumna, a unidade, no momento de situarse no escritorio tomará como usuarios os propios do escritorio.

[Nesta ligazón](#) pode ver o tutorial oficial de Ardora que explica que son estes escritorios e o xeito de subir contidos a eles.

2.6. - Aula virtual: Ardora conta con un plugin para Moodle. Se a súa aula virtual ten instalado este plugin so deberá subir o arquivo zip desta unidade feito especificamente para a plataforma Moodle. Deste xeito ao acceder o alumnado á unidade comenzará a rexistrar o feito e o docente obterá un informe detallado de cada alumno e alumna matriculados no seu curso.

[Aquí explícase](#) como subir ese arquivo zip así como un exemplo do informe que tanto como alumnado como profesorado poden obter.